

**Craig Patterson** é profesor de inglés. Galeguista, a súa investigación centrouse fundamentalmente no encontro entre a modernidade e o nacionalismo de base cultural na Galicia de comezos do século XX, e nos últimos tempos veu examinando a produción cultural galega baixo o prisma teórico dos estudos postcoloniais. A tradución galega do seu primeiro libro presentouse baixo o título de *O devalar da idea: Otero Pedrayo e a identidade galega*. Escribe regularmente columnas de opinión no xornal Praza Pública, é membro correspondente da Real Academia Galega e foi presidente da [Asociación Internacional de Estudos Galegos](#) (2009-12). Tradutor d'*A Esmorga* para o inglés (*On a Bender*, Planet, 2012), está agora a rematar a edición inglesa do *Sempre en Galiza de A.R. Castelao*.